

## As sereas do magosto.

Érase unha serea e a súa irmá que vivían nunha illa.

Cando era outono os nenos comían castañas e tiraban as cascas ao mar. 

 As sereas collíanas e facían colares con elas ou poñíanas na súa cola.

As veces os nenos da illa facían barcos de cartolina e botábanos ao mar pero estaban asustados porque sempre aparecían rotos. Eles pensaban que había tiburóns pero a verdade é que eran as sereas que os collían para xogar.  

Un día os nenos decidiron facer o debuxo dunha serea con follas das árbores e con castañas e puxérono dentro dun barco. As sereas gustoulle tanto que non romperon o barco, senon que foron detrás del ata a area.



Os nenos descubriron o segredo e dende entón en todos os barcos poñían follas e 

castañas. As sereas collían algunhas e facían trenzas, colares, etc.

Así cada outono as sereas e os nenos xogaban xuntos pero nunca lle dixeron a ningún a seu segredo.

**FIN.**



Laura Cepián Rodríguez

3º curso.